


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

22-23 de febreiro do 2025

VII ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A semana pasada Xesús sorprendía coas súas propostas de felicidade. Descubríalle aos apóstolos e a nós mesmos que a verdadeira felicidade está en compartir e compadecerse. Hoxe dá un paso máis deixándonos sen palabras. Amar aos inimigos? Como podemos aceptar e facer ben aos que nos fan mal? Ninguén fai iso, vai contra a nosa forma de entender a vida.

Hoxe o evanxeo dános a medida de ata onde temos que chegar como cristiáns: “*Tratade á xente como queredes que vos traten a vós*”. A nosa lóxica é tratar ben aos que nos tratan ben, pero vai Xesús e dinos hoxe “amade ata aos vossos inimigos, facédelle ben, porque se so amades aos que vos aman que facedes de máis?”. Xesús proponnos a irmandade sen esperar nada a cambio.

É nin máis nin menos o que agora estamos a celebrar.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Miremos agora nós a vida dende os ollos de Deus, e seguro que todos os esforzos por ser e dar exemplo de Xesús van valer a pena. O noso pedir perdón vai da man destes compromisos, **porque** queremos facelo mellor:*

Monitor/a

✓ Ás veces, na vida, parece que só hai que amar a quen nos ama, e desprezar a quen non nos ten aprezo. Comprometémonos na IRMANDADE con Xesús?.

SI, COMPROMETÉMONOS

✓ Ás veces, na vida, parece que só hai que tratar ben a quen pensa coma nós. Comprometémonos con Xesús a tratar tamén ben a quen pensa, vive ou cre diferente?.

SI, COMPROMETÉMONOS

✓ Ás veces, na vida, parece que de todo se pode criticar e a todos se pode xulgar. Comprometémonos con Xesús a ser respectuosos?.

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, e dos que esperan unha man benaventurada á súa beira. A todos, o Señor, nos concede o perdón e confiamos nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe desexando sermos exemplo do exemplo que Xesús nos dá.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, cheo de tenrura para todos, axúdanos a meditar sempre a verdade que Ti nos revelaches.

Fai que practiquemos de palabra e de obra o que é do teu agrado e que Xesús nos ensinou.

Pedímoscho no nome do mesmo Xesucristo, sabendo como el compartiu no medio de nós, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

A Palavra de Deus que agora imos escoitar fálanos de perdón a quen nos ofende, de xenerosidade co que nos pide e de amor aos inimigos.

Non é un camiño doado, pero é o único para poder dicir que somos cristiáns de verdade. Estas son as sinais que se esperan dos seguidores de Xesús. Escoitamos..

I-C páx 190 1 Sam 26, 2.7-9.12-13.22-23 **LECTURA**
LECTURA DO LIBRO PRIMEIRO DE SAMUEL

Daquela, Xaúl baixou, ao momento, ao deserto de Zif con tres mil homes escolleitos de Israel para buscar alí a David.

David e Abixai chegaron de noite ao campamento e viron que Xaúl estaba deitado, durmindo, no cercado, coa lanza cravada no chan, á súa cabeceira. Abner e o exército estaban deitados ao arredor.

Abixai díxolle a David: - "Hoxe púxoche Deus o teu inimigo nas túas mans. Agora déixame que o crave dun golpe de lanza contra o chan. Non cumprirá repetilo".

David respondeulle a Abixai: - "Non quero que o mates. Quen poñería a man impunemente sobre o unxido do Señor?"

David colleu a lanza e a xerra da auga de onda a cabeceira de Xaúl e fóronse sen que ninguén os vise, nin se decatase, nin espertase. Estaban todos durmidos, coma se un sono do Señor caese enriba deles.

David pasou para a outra banda e detívose no alto do monte deixando un longo treito entremedias.

David gritoulle á tropa: - "Aquí está a lanza do rei. Que veña un recollela".

E gritoulle ao rei Xaúl: - "Que o Señor lle teña en conta a cada un a súa xustiza e a súa lealdade. Hoxe púxote El nas miñas mans; pero eu non ousei erguelas contra o unxido do Señor".

Palabra do Señor

 nº 50 **Na tardiña baixa da vida** **SALMO**

(en pé) Leccionario *I C páx 192* Lc 6, 27-38 **EVANXEO**

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

A vós, que me escoitades, dígovos: Amade os vossos inimigos, facédelles ben aos que vos odian, bendicide aos que vos maldín e rogade polos que vos calumnian; ao que che zoupe nunha meixela, preséntalle a outra; e ao que che leve o manto, non lle prives de levar tamén a túnica. O que che pida, dálle; e ao que che leve o teu, non lle reclames nada. Así que tratade á xente tal como queredes que vos traten a vós.

Se amades aos que vos aman, que facedes de máis? Os pecadores tamén aman a quen os aman a eles. E se lles facedes ben aos que vos fan ben, que mérito tedes? Os pecadores fan outro tanto. E, se non emprestades máis que cando esperades cobrar, ¡poucas grazas!. Os pecadores tamén se emprestan entre eles para cobraren despois outro tanto. Vosoutros non; vós amade os vossos inimigos, facede o ben e emprestade sen esperardes nada a cambio. E así teredes unha gran recompensa e sereis fillos do Altísimo, pois El é bo cos malos e desagradecidos. Sede compasivos coma o voso Pai é compasivo.

Non xulgedes, e non vos xulgarán; non condenedes, e non vos condenarán; perdoade, e hanvos perdoar. Dade, e darásevos a vós: unha boa medida -acugulada, rebordada, apretada- seravos botada no voso regazo; pois coa medida que midades hanvos medir a vós.

Palabra do Señor

(sentad@s)

gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?

Di Xesús: Tratade á xente como queredes que vos traten a vós.

Como queremos que nos traten a nós?

A todos nos gusta que se nos respecte, pero non podemos esquecer que tamén nós temos que ser respectuosos cos demais. Non podemos desprezar a quen non pensa, non vive ou non reza coma nós.

Como queremos que nos traten a nós?

A todos nos gusta ser escoitados e ser tratados con agarimo, pero non podemos esquecer que nós temos que escoitar e agarrimar ás persoas maiores das nosas aldeas. Non se merecen ser esquecidas.

Como queremos que nos traten a nós?

A todos nos gusta con nos traten ben, pero non esquezamos que coa medida que midamos nos medirán.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Profesar a fe convértenos en mensaxeiros do Evanxeo. Co noso feito de compartir aquí proclamamos que acreditamos no camiño das benaventuranzas que nos propón Xesús, amando sen esperar nada a cambio. Dicimos*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe e semellanza para amar a todos sen diferenza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido, que nos propón o camiño das benaventuranzas para ser palabras e feitos para os demais, mesmo sen esperar nada a cambio?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que nos acompaña na vida e nos quere tratando aos demais como queremos que os demais nos traten a nós?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa a comunidade de crentes que camiña enfortecida polo bo exemplo de tantos homes e mulleres que viviron e viven no estilo do evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Pousemos as nosas pregarías nas mans do Pai facendo nosos os desexos de Xesús, e coma comunidade digamos:*

Énchenos Señor do teu amor

Monitor/a:

- ✓ Pedimos polos cristiáns porque nosa é a responsabilidade de facer crible o evanxeo tratando ben ás persoas que a vida vai pondo á nosa beira, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas que sen escrúpulos se aproveitan dos demais, e se cren que todo vale con tal de estar por enriba de todo e de todos, oremos
- ✓ Pedimos polas persoas que sofren violencia e que non atopan paz nas súas terras. Pedimos tamén polas mulleres que malviven en silencio nos seus fogares. Oremos
- ✓ Pedimos polos veciños e veciñas de Os Cotos para que sigamos facendo crible nas nosas parroquias a irmandade á que nos convida Xesús, oremos
- ✓ Pedimos por nós, para que non calemos os abusos, xa sexa na igrexa ou en calquera outro ámbito da sociedade, porque esiximos XUSTIZA, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de ser e dar exemplo do que Xesús nos ensina. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *“Fágase a túa vontade” dicímosllo a Deus Pai, pero moitas veces preferimos que os demais fagan a nosa vontade. A nosa oración serve de pouco se non a facemos con fraternidade de corazón. Así de confiados rezamos o que temos aprendido con Xesús:*
NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *En demasiadas ocasións criticamos, xulgamos e faltamos ao respecto, coas nosas palabras e cos nosos feitos.*

A proposta de Xesús é outra ben diferente. Dinos “amade a todos, ata aos inimigos; facede o ben, sen esperar nada a cambio; tratade aos demais como queredes que vos traten a vós”. A que esperamos?. Fagámonos cribles dándonos a paz

♪ n° 36 Fagamos a paz irmáns

COMUÑÓN

Celebrante: *Estamos convidados á vida de Xesús. Compartir esta celebración é camiñar seguindo a súa proposta. El é o Mestre que nos dá exemplo para que o mundo teña como gran camiño o de amar e facer ben sen mirar a quen. Ditosos e benaventurados nós que hoxe somos convidados a compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 42** *Quen nos vai separar*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia que comparte, dásnos un signo e unha garantía da salvación.

Fainos medrar na irmandade do evanxeo e que a nosa vida sexa sempre, unha mostra do amor de Xesús, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

Dinos Xesús que amemos a todos, mesmo sen esperar nada a cambio.

Dinos Xesús que fagamos o ben compartindo e compadecendo.

Dinos Xesús que teñamos compaixón, que sexamos agradecidos e que non nos creamos máis e mellores.

Dinos Xesús que non critiquemos, nin xulguemos, nin condenemos, pois coa medida que midamos hannos medir a vós.

Queda moito por facer.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

XESÚS PROPONNOS SER FELICES

"AMADE AOS VOSOS INIMIGOS"



Así nolo ensina a facer no evanxeo de hoxe

**"TRATADE AOS DEMAIS
COMO QUEREDES QUE VOS TRATEN A VÓS"**

🎵 **nº 56** *Ide e pregoade*

Podémonos ir en paz. Amén